

## Á ATENCIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA E PROFESORADO QUE IMPARTE HISTORIA DE ESPAÑA DE 2º BACHARELATO:

Estimad@s compañeir@s:

Na tarde de onte día 4 un grupo de profesor@s acudimos a reunión convocada en Santiago para debater as propostas sobre as medidas de protesta contra o modelo de exame de ABAU da materia de Historia de España para este curso 2018-2019. Queremos agora trasladarvos os acordos acadados na reunión para que teñades coñecemento deles.

As decisións foron as seguintes:

1) **Solicitar ao grupo de traballo de Historia de España da CIUG que para este curso 2018-2019 manteña o modelo de exame que se fixo na convocatoria do curso pasado 2017-2018. É dicir aquel que establecía os tres tipos de preguntas sobre os contidos dos séculos XVIII, XIX e XX. Consideramos o mantemento do modelo como un punto de partida para acadar un consenso amplo de todo o profesorado sobre o modelo de vindeiros anos.**

2) Esta proposta parte da consideración de que o modelo presentado para este curso no que estamos é inaceptable polas seguintes razóns:

- Querer examinar da totalidade dos contidos curriculares non é o disposto na LOMCE, xa que esta lei tan só esixe que como mínimo as probas ABAU avalíen polo menos o 70% dos estándares de aprendizaxe da materia recollidos na lei. Este porcentaxe cúmprese cos contidos referidos aos séculos XVIII, XIX e XX.

- Querer avaliar ao alumnado da totalidade dos contidos curriculares non ten sentido cando esta materia so dispón de 3 horas semanais (**o 25% menos que en outras comunidades que se puxeron como exemplo no seu día para xustificar os cambios**), o que significa que cun número de sesións de ao redor de 85-87 sesións anuais implica que so se disporía de dúas sesións por cada tema. Iso sen contar coas que necesitaríamos para avaliar ao alumnado.

- Querer que con esta falta de tempo se aborden cun mínimo de rigor pedagóxico todos os contidos a avaliar nas ABAU é totalmente impensable e carece de calquera fundamento mínimo de pedagogía.

- Os criterios de corrección das preguntas 1 e 2 (vocabulario e cuestións teóricas) supoñen que optar á nota máxima levaría a superar a extensión proposta polo grupo de traballo para ditas cuestións (4-5 linas para definicións e 25-30 para cuestión teórica). De feito nas solucións propostas polo grupo de traballo el@s mesm@s incumpren a extensión co que contradín as súas propias recomendacións.

3) Para poder conseguir o aquí exposto pensamos que é necesario contar co número máis amplo posible de profesorado da materia de Historia de España e dos departamentos de Xeografía e Historia (haxa ou non bacharelato nos vosos centros, porque o problema afecta/afectará a todo o alumnado). Por iso pedimos que antes do día 20 deste mes confirmeades a vosa adhesión á nosa proposta enviando un correo á seguinte dirección: [hmcleiadoura@gmail.com](mailto:hmcleiadoura@gmail.com).

4) Unha vez saibamos a cantidade de xente que apoia esta proposta, que tamén imos trasladar a ANPAS e Asociacións de [Alumn@s](#), convocaremos unha reunión en Santiago para decidir as seguintes medidas a adoptar.